



Concello de Xermade

Decreto

Asunto: convocatoria da sesión ordinaria do pleno que se celebrará o xoves 13/04/2023. Expte. 260/2023.

D. ROBERTO GARCÍA PERNAS, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE XERMADE (LUGO).-

Tendo en conta a periodicidade das sesións ordinarias do Pleno acordadas na sesión organizativa celebrada o 15 de xullo de 2019, a sesión ordinaria correspondente ao mes de abril de 2023 debe celebrarse o xoves 13 de abril.

Conforme o disposto no artigo 37 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais aprobado por Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, e no artigo 47.2 do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local aprobado por Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, **RESOLVO:**

Primeiro.- Convocar o Pleno en sesión ordinaria para o **xoves 13 de abril de 2023 ás 20.00 horas**, coa seguinte

ORDE DO DÍA:

A) Sección resolutiva

1º. *Aprobación ope legis do borrador da acta da sesión ordinaria celebrada o 9 de febreiro de 2023.*

2º. *Declaración de caducidade e inicio de expediente de deslinde de camiño público no Lugar de As Casas Novas, parroquia de Xermade. Expediente 138/2019.*

3º. *Aceptación da cesión do treito da estradas de titularidade provincial no núcleo de Xermade. Expte. 782/2022.*

4º. *Aceptación da cesión dos treitos da estrada de titularidade provincial LU-P-2202 en Roupar. Expte. 434/2022.*

5º. *Suplemento de crédito 2023/SC/02.*

6º. *Recoñecemento extraxudicial de créditos núm. 2023/01.*

B) Sección de control

7º. *Dación de conta das resolucións da Alcaldía-Presidencia.*

8º. *Dación de conta de informes económico-orzamentarios.*

9º. *Informes da Alcaldía*

10º. *Mocións.*

11º. *Rogos e preguntas.*

Segundo.- Notificar a convocatoria da sesión aos membros da Corporación e habilitar a vista pública do expediente a través da sede electrónica do Concello de Xermade.

Mándao e asínoa o Sr. Alcalde, D. Roberto García Pernas, en Xermade, na data indicada á marxe do que eu, como secretaria, dou fe.

O alcalde

A secretaria

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE

